

DECLARACIÓN DA MESA DA MADEIRA LUGO 2008

Os membros da Mesa da Madeira de Galicia:

- Asociacións e organizacións de propietarios forestais e silvicultores, sexan particulares ou comunidades de montes veciñais en man común: Asociación Forestal de Galicia (AFG), Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (OGCMVMC), Asociación Profesional de Silvicultores de Galicia (SILVANUS), Asociación para o Fomento da Riqueza Forestal de Galicia (AFRIFOGA), Asociación Sectorial Forestal Galega (ASEFOGA), Federación de Produtores de Madeira de Galiza (PROMAGAL).
- Asociacións de empresas de servizos forestais: Asociación de Empresas de Servizos Forestais de Galicia (SERFOGA) e Asociación Nacional de Empresas Forestais (ASEMFO-GALICIA).
- Asociacións de empresas de aproveitamento de madeira e industrias de primeira e segunda transformación: Federación Empresarial de Aserradoiros e Rematantes de Madeira de Galicia (FEARMAGA), Asociación Galega Monte-Industria (MONTE-INDUSTRIA) e o Clúster da Madeira de Galicia (CMA).
- Administración pública galega: Consellaría do Medio Rural (CMR) a través da súa Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación así como o Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira de Galicia (CIS – MADEIRA) dependente da Consellaría de Innovación e Industria (CII).

Manifestan que:

1. A multifuncionalidade do monte galego constitúe unha fonte inesgotábel de recursos económicos, ambientais, sociais e culturais. Subministra materias primas renovábeis e respectuosas co medio ambiente e desempeña un papel imprescindible no desenvolvemento económico, no emprego e na prosperidade do noso país, especialmente no medio rural.
2. Os montes galegos son os principais produtores de madeira do Estado, cun volume de cortas anuais que, no ano 2007, ascendeu a 7,4 millóns de metros cúbicos, máis do 50% da produción estatal.
3. As empresas do sector madeireiro galego facturan preto de 2.500 millóns de euros o ano, dando emprego directo a 26.000 traballadoras e traballadores do sector forestal e xerando, aproximadamente, o 3,5 por cento do produto interior bruto de Galiza.

Salientan:

1. A importancia do valor económico que xeran os múltiples servizos proporcionados polos bosques galegos e a necesidade de ter medios e medidas aciaídas para asegurar o desenvolvemento sustentábel destes servizos.

2. A contribución dos propietarios e silvicultores galegos así como das Comunidades de montes veciñais como fonte de riqueza para o noso país, creación de emprego nas áreas rurais e defensa e conservación dos ecosistemas forestais e o seu mantemento para as xeracións vindeiras, que proporcionará un sector forestal onde se poidan materializar os múltiples beneficios que os montes ofrecen á sociedade.
3. A necesidade de contar cun sector forestal competitivo para desenvolver produtos e servizos de alta calidade e valor engadido para as diversas e crecentes demandas da nosa sociedade.
4. Que a produción de madeira, material verdadeiramente ecolóxico e sustentábel, do Estado español só cobre o 46% da demanda, polo que o 54% restante que se consome actualmente provén doutros países, asemade os estudos amosan que a demanda global de madeira tenderá a crecer paulatinamente, e que o consumo de produtos forestais aumentará significativamente nas vindeiras décadas

E polo tanto, comprométense a:

1. Defender un marco normativo e fiscal que dea estabilidade e permanencia ao monte dada a especificidade das inversións a longo prazo do sistema forestal, introducindo leis e melloras que apoien o desenvolvemento do sector e que articulen as normativas concorrentes. Asemade implantar progresivamente un sistema económico e financeiro estable adaptado ás necesidades dos nosos montes e incentivar o investimento do sector privado e o reinvestimento no monte dos beneficios obtidos das producións dos ciclos forestais galegos, e o logro dun réxime fiscal axeitado aos propietarios forestais, especialmente ás Comunidades de montes veciñais.
2. Fomentar as Unidades de Xestión Forestal (UXFOR) como unha fórmula de cooperación e agrupación de propietarios forestais baseada na posta en marcha dun mecanismo de xestión conxunto de terreos forestais que debe dar resposta a un problema conxuntural do noso país ao concentrar a xestión forestal das pequenas parcelas dos propietarios privados sen a perda da súa titularidade, acadándose deste xeito, un mellor e máis competitivo aproveitamento silvícola que redundará no beneficio para os titulares, os industriais da madeira, o sector forestal no seu conxunto e para a sociedade galega en xeral.
3. Buscar a implicación e concienciación de toda a sociedade galega sobre o valor do noso monte e a defensa dos seus recursos fronte a actividade delitiva incendiaria e todo elo a través de actitudes e aptitudes co fin de establecer principios de colaboración e corresponsabilidade mutua.
4. Promover a forestación, a repoboación forestal e a xestión forestal sustentábel e subliñar a necesidade de aumentar a mobilización de madeira de bosques xestionados de xeito sustentábel para tódolos usos, e salientar a importancia da madeira como unha materia prima renovábel e da biomasa forestal como fonte de enerxía respectuosa co medio ambiente.

5. Cooperar para que, mediante a xestión forestal sustentábel, Galiza manteña e aumente o liderado na produción forestal e a transformación da madeira no Estado, satisfacendo esta demanda que se producirá nun futuro inmediato.
6. Manter, conservar, restaurar e aumentar a diversidade biolóxica e vitalidade dos bosques galegos incluíndo os seus recursos xenéticos mediante a xestión forestal sustentábel.
7. Promover a investigación, especialmente de técnicas silvícolas e no papel que xogan os bosques na mitigación no cambio do clima, así como o uso de madeira e biomasa, e a relación entre o bosque e a auga o solo, a fauna, a flora e os ciclos de nutrientes do bosque.
8. Mellorar a información sobre os montes, sobre o tecido industrial baseados neles e tamén mellorar as calidades de produtos de bosque. Os profesionais, así como os consumidores, necesitan ser informados acerca das características económicas, técnicas e ambientais de madeira, como materia prima renovábel, reciclábel e amigábel co medio e con capacidade para incrementar o seu uso nos sectores da construción e do interiorismo.
9. Reforzar a capacidade institucional do sector forestal galego, representado na Mesa da Madeira, no ámbito autonómico, estatal e europeo, de xeito que se facilite a consecución dos anteditos obxectivos.

En Lugo, 28 de marzo de 2008